



FERVENZAS DO BIBEI

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Viana do Bolo-Pradorramisquedo: 30 km

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas

Unha ruta seguindo curso do río Bibei no concello de Viana do Bolo para coñecer varias fervezas nunha zona na que o río discorre encaixado. Pódese ampliar volvendo pola outra banda do val do Bibei.



1-Pradorramisquedo.

A estrada que vai de Viana do Bolo a Pradorramisquedo e Porto de Sanabria segue o canón do Bibei. En diversos puntos pódense ver vistas espectaculares do río, fervezas, pozas...

COMO CHEGAR:

Atópanse preto da estrada á esquerda antes de chegar a Pradorramisquedo. O camiño pola beira do río é complicado e hai que ir por enriba das pedras.

2-Vilaseco


No rego da Serra ou dos Muíños, afluente do Bibei que cae da serra do Canizo. Vese mellor desde o outro lado do val, á altura de Dradelo. O acceso é moi complicado.

3-As Pozas-Paradela


Rego de Porto Ferrado. Paradela (Viana do Bolo). Vese a carón da estrada ao cruzar o río.



O Bibei en Pradorramisquedo



Rego de Vilaseco (vista desde Dradelo)



Rego de Porto Ferrado